

Tras o seu nomeamento como Xefe da División de Persoal da Policía Nacional, o comisario principal Guillermo Blázquez falou co noso sindicato para a súa presentación oficial.

Dende a CIG aproveitamos a ocasión para trasladarlle as nosas principais preocupacións sobre a situación dos recursos humanos da DGP na Galiza:

- O gran número de postos vacantes e que ademais non se ofertan nos concursos de traslados.
- Unido a ese punto, vemos como a DGP cubre as súas necesidades con persoal do CNP que fai o mesmo traballo que os corpos xerais pero cunhas retribucións superiores.
- A necesidade de reducir os postos ocupados en comisión de servizos e optar pola súa cobertura definitiva a través dos concursos de traslados.
- A excesiva frecuencia de fallos de conexión ou das aplicacións nas oficinas de expedición.
- En canto á instrución de produtividade, lembrámoslle que levamos ao contencioso-administrativo o Anexo de reparto da instrución de produtividade, a necesidade de aumentar a contía da produtividade por obxectivos e o incumprimento da obriga de rotación da produtividade por maior dedicación entre todo o persoal que está disposto a percibila.

A CIG seguirá loitando pola mellora do persoal de corpos xerais da DGP.